

8. ANTISEPSIA PREOPERATORIA DAS MANS



Se as mans están visiblemente manchadas, láveas con auga e xabón (II). Non use aneis, nin reloxo ou pulseiras (IB). Utilice un xabón antimicrobiano ou un produto de base alcohólica para fregar as mans antes de poñer as luvas estériles (IB).

Se a calidade da auga non está garantida (visita domiciliaria nunha zona rural, ...), utilice un produto de base alcohólica para fregar as mans antes de poñer as luvas estériles (II).

Cando utilice xabón, fregue as mans de 2 a 5 minutos, de acordo coas instrucións do fabricante (IB). Cando utilice un produto de base alcohólica, siga as instrucións do fabricante e aplique unha cantidade suficiente para manter húmidos os antebrazos e as mans mentres os frega. Deixe que sequen por completo antes de poñer as luvas estériles (IB).

Antes da cirurxía, non combine sucesivamente a antiseptia por cepillado e a antiseptia por fricción alcohólica (II).

9. UÑAS



Manteña as uñas naturais curtas (0,5 cm de longo) (II). Non use uñas postizas nin extensións cando teña contacto directo co paciente (IA).

Clasificación das recomendacións:

CATEGORÍA IA: aconséllase encarecidamente a súa aplicación e están solidamente avaladas por estudos experimentais, clínicos ou epidemiolóxicos ben deseñados.

CATEGORÍA IB: aconséllase encarecidamente a súa aplicación e están avaladas por algúns estudos experimentais, clínicos ou epidemiolóxicos e por unha firme xustificación teórica.

CATEGORÍA IC: deben aplicarse porque o existen regulamentos ou normas federais ou dos estados.

CATEGORÍA II: propónse a súa aplicación e están avaladas por estudos clínicos ou epidemiolóxicos indicativos, fundamentos teóricos ou o consenso dun grupo de expertos.

Servizo Galego de Saúde



WORLD ALLIANCE
for PATIENT SAFETY

Organización
Mundial de la Salud

Xerencia
Servizo Galego de Saúde

DIRECTRICES DA OMS SOBRE HIXIENE DAS MANS NA ATENCIÓN SANITARIA

9 RECOMENDACIÓNS
CLAVE PARA MELLORAR
A PRÁCTICA

5 de maio
DÍA MUNDIAL
DE HIXIENE DE MANS



Depósito Legal: C 970-2010



1. RECOMENDACIÓN ESPECÍFICAS PARA OS DIRECTIVOS DOS CENTROS SANITARIOS



Factores clave de importancia para o éxito das estratexias:

- Contar cun abastecemento seguro e continuo de auga en todas as billas, así como coas instalacións necesarias para lavar as mans (IB).
- Ter acceso doado a un antiséptico de base alcohólica para fregar as mans no lugar de atención ao paciente (IA).
- Dispoñer de produtos alternativos para os profesionais sanitarios con alerxias ou reaccións adversas aos produtos utilizados habitualmente, así como de cremas ou locións para o coidado da pel.

O cumprimento das normas de hixiene de mans debe ser considerado unha prioridade na institución sanitaria que exige liderado, apoio administrativo e recursos económicos axeitados (IB).

ESTRATEXIA DE APLICACIÓN

Recoméndase un programa multidisciplinario e multifactorial para mellorar a adhesión, dos profesionais sanitarios ás prácticas recomendadas de hixiene das mans. (IB).

2. EDUCACIÓN E MOTIVACIÓN DO PERSOAL



Cambiar os comportamentos é a clave para mellorar a práctica.

As estratexias multifactoriais son o xeito máis efectivo de mellorar a hixiene das mans. Participe activamente na posta en marcha desas estratexias no seu centro.

Sexa consciente da facilidade e rapidez con que se contaminan as mans durante a realización das actividades asistenciais (II).

Colabore no seguimento do nivel de cumprimento das normas de hixiene das mans por parte do persoal, así como coa retroalimentación da información (IA).

Promova a participación dos pacientes na promoción da hixiene das mans (II).

3. ELECCIÓN DO PRODUTO



Os produtos deben ser efectivos e ter unha baixa probabilidade de causar irritación (IB).

Débase contar co persoal á hora de elixir os produtos, tendo en conta a súa textura, fragancia, e tolerancia cutánea (IB).

Nos puntos de atención ao paciente deben existir dispensadores de produtos de base alcohólica para hixiene das mans (IB).

Os devanditos dispensadores deben funcionar correctamente.

4. COIDADO DA PEL



Deben utilizarse locións e cremas de mans para reducir todo o posible as dermatites irritativas de contacto (IA).

Os profesionais sanitarios con alerxias ou reaccións adversas aos produtos utilizados habitualmente deben utilizar outros (II).

5. CANDO



Hai que lavar as mans con auga e xabón cando:

- estean visiblemente sucias
- despois de ir ao baño (IB).
- despois de atender pacientes que están colonizados ou infectados por *Clostridium difficile* ou por outro microorganismo capaz de formar esporas (IA).

En todas as demais situacións clínicas deben fregarse as mans cun produto de base alcohólica, sobre todo antes e despois de ter un contacto directo con pacientes (IA).

DEBE REALIZARSE A HIXIENE DAS MANS

Antes e despois do contacto directo con pacientes (IB).

Despois de quitar as luvas (IB).

Antes de manipular un dispositivo **invasivo** (catéter venoso, ...) usado na atención ao paciente, independentemente de que se usen ou non luvas (IB).

Despois do contacto con fluídos ou excrecións corporais do paciente, ou coas súas membranas mucosas ou pel non intacta, así como con apósitos de feridas (IA).

Cando, despois de manipular unha zona contaminada (p.ex. unha ferida), vaise logo manipular outra zona limpa (IB).

Despois de tocar obxectos inanimados (equipos médicos, mesa de noite, roupa de cama, ...) situados no ámbito inmediato do paciente ((IB).

6. COMO



Fregar as mans cun produto de base alcohólica:

Encher a palma dunha man co produto, estendelo por toda a superficie das dúas mans, e fregalas entre si ata que queden secas.

Lavado con auga e xabón: humedecer as dúas mans e logo aplicar xabón abondo para cubrir toda a superficie destas.

Asegúrese de que as mans estean secas e de que as toallas sexan, preferentemente, de papel e dun so uso (IB).

Auga: os centros sanitarios deben garantir o abastecemento de auga para a hixiene das mans. PORÉN, nos lugares sen un acceso doado á auga os esforzos deben dirixirse, con carácter prioritario, a dispoñer de produtos de base alcohólica para fregar as mans.

7. LUVAS



As luvas **non evitan a necesidade de hixienizar as mans** mediante a fricción con produtos de base alcohólica ou con auga e xabón (IB).

As luvas protexen o persoal do contacto co sangue e os fluídos corporais, coa pel non intacta, e coas membranas mucosas dos pacientes (IC).

Quite as luvas despois de atender a cada paciente. Non utilice o mesmo par en máis dun paciente (IB).

Cambie ou saque as luvas cando, nun mesmo paciente, manipule unha zona contaminada do corpo (unha ferida, ...) e logo vaia tocar outra limpa (II).

Non reutilice as luvas (IB).